



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE XUÑO DO 2023.

Sesión 09/2023-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS ELECTOS</u></p> <p style="text-align: center;"><small>Sadamaioría (SM)</small></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;"><small>Unidos por Sada (UPSA)</small></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><small>Partido Popular (PP)</small></p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a Leticia Roig Iglesias D^a María Isabel Val Armesto</p> <p style="text-align: center;"><small>Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)</small></p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez (independente)</p> <p style="text-align: center;"><small>Bloque Nacionalista Galego (BNG)</small></p> <p>D. Emilio Graña Mosquera</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 12.00 horas do día sábado 17 de xuño do 2023, coa finalidade de constituír a nova Corporación e máis de elixir alcalde, reúnense en sesión pública os concelleiros proclamados electos nas Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio de 2023, conformándose a Mesa de Idade, asistida pola secretaria da Corporación, D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto.</p>
--	---

A secretaria abre o acto explicando o obxecto desta sesión e o procedemento que se vai seguir segundo a lexislación vixente en materia electoral, artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro. Consta que foi recibida a acta de proclamación dos concelleiros electos polo municipio de Sada nas Eleccións Locais do 2023-05-28, remitida pola Xunta Electoral de Zona, que foi cumprimentado o requisito de entrega das correspondentes credenciais de concelleiro segundo preceptúa o artigo 7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e acreditada a presentación polos electos das declaracións de intereses, referentes a bens patrimoniais e a incompatibilidades e actividades, conforme establecen as disposicións vixentes.



Formación da Mesa de Idade e constitución da Corporación.

Logo de ver a información que figura no expediente relativa á data de nacemento dos concelleiros electos, procédese á formación da Mesa de Idade, que queda integrada, previa toma de posesión dos cargos de concelleiros, pola concelleira electa de maior idade, D^a María Soraya Salorio Porral, quen a preside, e polo de menor idade, D. Sergio García López, tendo por secretaria á da Corporación.

Seguidamente, a Mesa leva a cabo a comprobación das credenciais presentadas polos electos e logo de se ter por acreditada a personalidade destes, a presidenta vai chamando na orde que ocupan na candidatura e por orde decrecente de grupos mais votados para que individualmente presten xuramento ou prometan o cargo de concelleiro/a do Concello de Sada, segundo o dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985 e sobre a base da fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

Tendo en conta que se cumpriu o requisito do *quorum* de asistencia determinado polos artigos 195.4 da Lei Orgánica e 37.4 do Regulamento de Organización, a Mesa declara constituída a Corporación, sendo os seus membros os concelleiros relacionados:

Sadamaioría (SM)

D. Óscar Benito Portela Fernández
D^a Rebeca Mouriño Neira
D. Marcos Villar López
D^a María Pilar Taibo Fernández
D. Xosé Fernando Fariña Andrade
D^a Patricia Martínez Abruñedo
D. Ricardo Berrocal Fariña

Unidos por Sada (UPSA)

D^a María Nogareda Marzoa
D^a María Soraya Salorio Porral
D. Sergio García López
D. Breogán Blanco González

Partido Popular (PP)

D^a Esperanza María Arias Ferreiro
D. Fernando España López (Chano)
D^a Leticia Roig Iglesias
D^a María Isabel Val Armesto

Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)

D^a. Almudena Pena Álvarez (independente)

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D. Emilio Graña Mosquera

Quedan a disposición da nova Corporación os documentos que xustifican as existencias en metálico e valores depositadas na caixa municipal e nas entidades bancarias, así como a documentación referente ao Inventario do Patrimonio municipal, conforme co disposto no número 2 do artigo 36 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e dá lectura ao artigo 38 desta disposición, relativo á sesión ou sesións plenarios de organización da Corporación.

Elección de alcalde.



Logo de que a secretaria anuncie que se vai proceder á elección de alcalde e expoña o procedemento que se ha seguir segundo o establecido no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, a Presidenta pregunta polos concelleiros que han presentar candidaturas de entre os que encabezaron as listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentadas e proclamadas as seguintes candidaturas:

- Por Sadamaioría, D. Óscar Benito Portela Fernández.
- Por Unidos por Sada, D^a María Nogareda Marzoa.
- Polo Partido Popular, D^a Esperanza Arias Ferreiro.
- Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D^a Almudena Pena Álvarez.

Non habendo obxeccións sobre a cuestión, e logo de ter informado a secretaria sobre as formas de votación e os seus requisitos, procédese á elección de alcalde mediante votación ordinaria, emitíndose un total de dezasete votos co resultado de oito votos a favor do candidato sr. Portela Fernández, catro votos a favor da candidata sra. Nogareda Marzoa, catro votos a favor da candidata sra. Arias Ferreiro e un voto a favor da candidata sra. Pena Álvarez.

Sendo o número legal de membros da Corporación de dezasete e atendido que ningún dos candidatos obtivo a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, tal e como o dispón o artigo 196.c) da Lei Orgánica 5/1985 a Presidenta da Mesa proclama alcalde ao concelleiro D. Óscar Benito Portela Fernández por ser o cabeza da lista máis votada no Municipio, segundo resulta da copia da acta de proclamación de candidatos expedida pola Xunta Electoral de Zona. O alcalde electo proclamado, tras xurar o cargo conforme establece o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, toma posesión e recibe simbolicamente o bastón de mando de mans da alcaldesa saínte, pasando a ocupar a Presidencia e cesando nas súas funcións a Mesa de Idade.

A continuación o alcalde diríxese á Corporación e á veciñanza de Sada.

Logo de concluír a súa intervención, o señor alcalde levanta a sesión ás doce horas e vinte minutos do día ao comezo indicado. E para constancia do tratado e acordado, esténdese esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.